

## **Circular informativa**

Ourense, 27 de novembro de 2019.

Prezadas compañeiras,

Prezados compañeiros,

Antes de nada, quero presentarme, pois é a primeira vez que vou coordinar o Grupo de Traballo da materia Lingua Galega e Literatura. Son Ana Iglesias, pertenzo ao Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo e levo a cabo a miña práctica docente na Facultade de Ciencias da Educación do Campus de Ourense. Anteriormente, tamén exercín durante dez anos como profesora de secundaria.

Tal como se recollía na circular do curso pasado, desde o grupo de traballo estamos a traballar en posibles modificacións de cara ao futuro. Non obstante, no que respecta á ABAU 2020, non imos introducir ningún cambio, xa que non nos parece oportuno dado o avanzado que está o curso. Polo tanto, mantemos a mesma estrutura e directrices xerais dos últimos anos.

Coma sempre, está dispoñible na páxina web da CiUG o histórico de exames de convocatorias anteriores, xunto cos seus respectivos criterios de corrección.

Pódense consultar a estrutura da proba, a ponderación das diferentes partes das que consta e as observacións oportunas, no documento denominado “Directrices”.

Agardo que todo discorra adecuadamente e facilito o meu enderezo de correo electrónico para que me fagades chegar calquera dúbida, cuestión ou suxestión: [anaiglesias@uvigo.es](mailto:anaiglesias@uvigo.es)

Recibide un cordial saúdo no nome do Grupo de Traballo e no meu propio.

Ana Iglesias.